

**Por Carlos Méixome** - Publicado en "A Nosa Terra"

Primeiro foi O Val Miñor, imaxes para a memoria, despois veu Baiona nas ondas do tempo e agora Gondomar, o son do río. O esquema mantense nos tres libros desta serie que edita o Instituto de Estudos Miñoranos. Unha fotografía das primeiras décadas do século XX comentada por unha persoa residente no Val Miñor. Nesta ocasión son oitenta e catro veciñas e veciños do concello de Gondomar as que se puxeron a tecer palabras para adobiar as imaxes seleccionadas.

Un mundo de relatos. Houbo quen tirou da gabeta de memoria recordos de infancia ou da mocidade, quen verteu sons sobre o papel, quen mesturou lembranzas con imaxinación, quen realizou asisados traballos de investigación. Houbo quen nunca antes se puxeran a endereitar unhas liñas co máximo posto na publicación dun libro e quen a ben seguro tivo que agochar un pudor sensato. Houbo tamén quen peneirou durante horas e días cada unha das palabras, quen lamentou desacougada o momento en que aceptou tal convite. Houbo tamén a quen lle foi máis doado xa que son xentes que andan nesas leas de escribir...

Gondomar, o son do río ou mellor o son dos ríos, pois a vila condal ten dous. Cativeiros si pero traballadores. Descompoen rochas de xisto e granito e baixan entolecidos dende as abas do Galiceiro para xuntarse ao pé da Paradela. Van acougando para deixar as súas beiras os miños do seu labor e anheñándose ata formar o esteiro e provocar a río. Por que Gondomar é o río, ou os ríos. Ao pé deles naceu. Mais a vila miñor esqueceuse deles, mirou para o camiño, para a estrada, e deulle as costas aos ríos. Botáuselle enriba e estes cada certo tempo reclaman o que é seu.

Clima e paisaxe, á beira das praias e dunha gran cidade. Gondomar reúne condicións inmejorables. Medra en poboación, pasa dos doce mil habitantes, ten un reducido sector primario e a poboación concéntrase nos sectores de servizos, na industria e na construción. Mais corre o perigo de converterse nunha vila sen vida, nun concello descabezado, niso que os xeógrafos deron en chamar cidade-dormitorio.

## Gondomar, o son do río

Escrito por

Martes, 02 Agosto 2005 08:14

---

Gondomar ten que engaiolar aos seus veciños nas horas de ocio, nos momentos de vida social. Ten que atraelos ao cotiño para desenvolver un sector servicios propio, potenciar os seus atractivos, virar a testa, volver os ollos e a mirada para os ríos. O seu gran tesouro ignorado son o Zamáns, o río de Morgadáns e, xuntos, o Miñor. Un alongado parque estendido polas súas beiras potenciará a o centro da vila e todo o concello. O son do río ten que se escoitar.

*Ver mais fotos do libro Imaxes para a memoria do IEM*